

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN**

CORRECCIÓN DE ERROS. Resolución do 29 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas para o fortalecemento e a ampliación das capacidades dos centros tecnolóxicos galegos mediante o apoio á creación e mellora de infraestruturas de investigación e de ensaio e experimentación no marco da RIS3 Galicia 2021-2027, susceptibles de ser cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento IN607E).

Advertidos erros no texto da citada resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 16, do 23 de xaneiro de 2024, cómpre efectuar a seguinte corrección:

Na páxina 6054, no segundo parágrafo do número 1 do artigo 4, onde di: «Ademais da adquisición de equipamento científico-tecnolóxico, serán subvencionables os investimentos en terreos, edificios ou instalacións para a construción, reforma ou adaptación das instalacións das infraestruturas. Non se considerarán financiábles aquelas actuacións que non inclúan a adquisición de equipamento ademais destes outros tipos de investimentos. O investimento en equipamento deberá ser, como mínimo, o 30 % do orzamento total solicitado. No artigo 9 descríbense con detalle os activos materiais e inmateriais subvencionables», debe dicir: «Ademais da adquisición de equipamento científico-tecnolóxico, serán subvencionables os investimentos en terreos, edificios ou instalacións para a construción, reforma ou adaptación das instalacións das infraestruturas. Non se considerarán financiábles aquelas actuacións que non inclúan a adquisición de equipamento ademais destes outros tipos de investimentos. O investimento en equipamento deberá ser, como mínimo, o 30 % do orzamento total solicitado. No artigo 11 descríbense con detalle os activos materiais e inmateriais subvencionables».

Na páxina 6061, no número 3 do artigo 9, onde di: «3. Ningunha entidade poderá recibir unha axuda ao abeiro desta convocatoria por un importe superior a 4.000.000 millóns de euros. Este límite máximo é independente do número de axudas concedidas», debe dicir: «3. Ningunha entidade poderá recibir unha axuda ao abeiro desta convocatoria por un importe superior a 4.000.000 de euros. Este límite máximo é independente do número de axudas concedidas».

Na páxina 6069, no ordinal 1º da letra b) do artigo 13, onde di: «1º. Memoria técnica segundo o índice recollido no anexo II (letra Arial 11 puntos. Extensión máxima 35 páxinas)



que xustifique o carácter estratéxico dos investimentos solicitados, a súa viabilidade técnica e o investimento solicitado», debe dicir: «1º. Memoria técnica segundo o índice recollido no anexo II (letra Arial 11 puntos. Extensión máxima 50 páxinas) que xustifique o carácter estratéxico dos investimentos solicitados, a súa viabilidade técnica e o investimento solicitado».

Na páxina 6072, no punto 2 do ordinal 6º da letra b) do artigo 13, onde di: «2. No caso de que nunha mesma solicitude se inclúan investimentos que non se asignen a un mesmo tipo de infraestrutura (de investigación ou tecnolóxica), deberán diferenciarse e formar parte de unidades distintas dentro da solicitude (unidade 1 ou unidade 2, respectivamente segundo se recolle no anexo I). Todas as unidades incluídas nunha mesma solicitude deberán estar relacionadas e ser complementarias entre si», debe dicir: «2. No caso de que nunha mesma solicitude se inclúan investimentos que non se asignen a un mesmo tipo de infraestrutura (de investigación ou tecnolóxica), deberán diferenciarse e formar parte de unidades distintas dentro da solicitude (unidade 1 ou unidade 2, respectivamente segundo se recolle no anexo I). Todas as unidades incluídas nunha mesma solicitude deberán estar relacionadas e ser complementarias entre si».

Na páxina 6096, no punto 16 da letra A da epígrafe 1 do artigo 19, onde di: «16) Documentación que evidencie que se levou a cabo a análise da defensa contra o cambio climático en todas as fases do ciclo do proxecto de infraestruturas, en todas as fases do ciclo do proxecto, no caso de non a ter entregado na solicitude. A dita análise pode integrarse na avaliación de impacto ambiental, nos proxectos en que resulte preceptivo», debe dicir: «16) Documentación que evidencie que se levou a cabo a análise da defensa contra o cambio climático en todas as fases do ciclo do proxecto de infraestruturas, no caso de non a ter entregado na solicitude. A dita análise pode integrarse na avaliación de impacto ambiental, nos proxectos en que resulte preceptivo».

Na páxina 6102, no punto 3 do artigo 33, onde di: «3. O incumprimento da obriga de presentar tres ofertas segundo o disposto no artigo 17 desta convocatoria, sen que concorran as circunstancias eximentes previstas no artigo 29.3 da Lei 9/2007, dará lugar á minoración do 10 % do custo subvencionable do dito concepto de gasto», debe dicir: «3. O incumprimento da obriga de presentar tres ofertas segundo o disposto no artigo 12 desta convocatoria, sen que concorran as circunstancias eximentes previstas no artigo 29.3 da Lei 9/2007, dará lugar á minoración do 10 % do custo subvencionable do dito concepto de gasto».

Na páxina 6124, no anexo II, onde di: «1.4. Coordinación dos recursos. Potenciais sinerxías e complementariedades», debe dicir: «1.3. Coordinación dos recursos. Potenciais sinerxías e complementariedades».



Na páxina 6125, no anexo II, onde di: «1.5. Xustificación do orzamento: descrición detallada de cada un dos gastos solicitados xustificando a súa necesidade», debe dicir: «1.4. Xustificación do orzamento: descrición detallada de cada un dos gastos solicitados xustificando a súa necesidade».

Na páxina 6129, no anexo III, onde di: «2.5. Plan de comunicación e difusión previsto:», debe dicir: «1.5. Plan de comunicación e difusión previsto:».

CVE-DOG: s012ukd7-cs58-cgc2-zk59-gdvby5xpvhw4

